

BUEU E A FALA: O GALEGO 3.0

1º CERTAME

# MERGULLÁNDONOS NO TIKTOK

SUBE UN TIKTOK EN GALEGO DE TEMÁTICA LIBRE

INCLÚE O CANCELO [#SEVOUATIKTOK](#)

MENCIONA [@CONCELLODEBUEU](#)

1 PREMIO DE


AIRPODS + KIT TIKTOKER

2 PREMIOS DE

KIT TIKTOKER (CÁMARA INSTAX, ARO DE LUZ, TRÍPODE...)

DATA DE PECHE - 7 DE OUTUBRO [23:59]

GALA DE PREMIOS - 9 DE OUTUBRO



# BASES DO CERTAME



## OBXECTIVOS

**A NOSA MOTIVACIÓN PRINCIPAL!** ❤️

Promover a utilización da lingua galega nos espazos de ocio e tempo libre da poboación moza, ademais de introducila nas ferramentas diarias desta xeración: as redes sociais.

A través da creatividade, e a creación dun espazo aberto nestas plataformas preténdese darlle visibilidade á comunicación en galego máis á súa comunidade.

## PREMIOS

**ANTES DE QUE NOS PREGUNTEDES...** 😊

Mergullándonos no TikTok conta cun total de 3 premios polo que haberá 3 gañadores/as elixidos polos membros do noso xurado en base á orixinalidade dos vídeos publicados. Ademais disto, o vídeo que consiga un maior número de visualizacións dos tres seleccionados terá un premio extra.

O obsequio será o “Kit TikToker”, que se divide da seguinte forma:

1 Premio:

- Airpods (Para o gañador/a co vídeo con maior número de visualizacións)
- Kit TikToker:
  - Diploma
  - Aro de luz con trípode integrado
  - Cámara Instax
  - Vale de compra nos comercios de Comercio do Morrazo

2 Premios:

- Kit TikToker:
  - Diploma
  - Aro de luz con trípode integrado
  - Cámara Instax
  - Vale de compra nos comercios de Comercio do Morrazo

## CARACTERÍSTICAS E TIPOLOXÍAS DOS VÍDEOS

**COUSIÑAS QUE DEBES TER EN CONTA** 🔍

- As **pezas audiovisuais** deben empregar a **lingua galega**. É necesario o protagonismo da lingua no vídeo, xa sexa de forma oral, escrita ou musical.
- A **temática** dos vídeos presentados é **completamente libre** xa que a iniciativa de Bueu e a fala: o galego 3.0, apoia a creatividade entre a mocidade.
- Debe ser contido propio e orixinal.
- A **duración máxima** da peza é de ata **120 segundos**.
- O vídeo debe publicarse na plataforma de **TikTok** mencionando ao **@concellobueu** e acompañado do cancelo **#SeVouATikTok**.
- **Promovemos un espazo de expresión seguro**, polo que se excluirán da participación no certame aqueles vídeos que presenten accións violentas, apoloxía á violencia, mensaxes de odio ou de carácter ofensivo.

## REQUISITOS PARA PARTICIPAR

**SER (OU SENTIRSE) MOZA** 🧐

Chamamento a #GenZ e #Millennials!  
Poderá participar neste certame a poboación moza a partir dos 18 anos.

## PRAZOS E PROCEDEMENTO

**MOI BEN! PERO... ATA CANDO TEÑO DE PRAZO?** 😞

Podedes comezar xa a espremer as vosas ideas! O prazo de participación rematará o vindeiro venres 7 de outubro as 23:59h.

Como participar? Sinxelo:

01. Grava o teu vídeo en galego coa temática da túa preferencia.
02. Súbeo a TikTok mencionando á **@concellobueu** xunto co cancelo **#SeVouATikTok**.
03. Listo!

Tras pechar o prazo de participación o noso xurado será o responsable de valorar a orixinalidade das pezas audiovisuais presentadas.

## XURADO

**QUEN VAI VALORAR O MEU TIKTOK?** 👁️

O xurado confórmase por un total de 3 recoñecidas creadoras de contido en galego da propia plataforma na que participaredes: TikTok. Sara Seco Rial (@sarasecorial), María Rúa Rodríguez (@pradorua) e Malva (@todomal.va) valorarán as pezas en función de súa **creatividade e orixinalidade**.

Este xurado elegerá aos gañadores e gañadoras o sábado 8 de outubro ás 12h. Estas persoas serán informadas por privado ata o momento da gala, cando os nomes se farán públicos.

Ningunha das persoas do xurado poderá ser eleixida como gañadora.

Non vos esquezades! Deben ser contidos de creación propia, en galego e ademais o vídeo eleixido con máis visualizacións accederá ao premio extra.

## GALA DE PREMIOS

**CANDO É A GALA?** ✨

Realizarase unha gala de premios presencial o día 9 de outubro ás 18h en Bueu, onde se repartirán os premios aos gañadores seleccionados do 1º certame de Mergullándonos no TikTok.

No caso de que algunha das persoas gañadoras non estea presente na gala, o premio quedará no Concello de Bueu durante dous meses á espera da súa recollida.